

**PRESIDENTA:
DONA M^a VICTORIA ALONSO MEÉNDEZ**

**VOGAIS:
DONA OLGA M^a GARCÍA BALLESTEROS
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS
DONA ANA MARIA MEJIAS SACALUGA
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO
D. SANTOS HECTOR RODRIGUEZ DIAZ
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ
DON JORGE CUBELA LÓPEZ
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO
D. JAVIER TOURÍS ROMERO
D. IGNACIO MARIL PARDO
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA
DON GORKA GOMEZ DIAZ**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISION
INFORMATIVA DE IGUALDADE
CELEBRADA O DIA 22 DE OUTUBRO
2021**

En Pontevedra, sendo as doce horas e vinte e tres minutos do día 22 de outubro de 2021, reúnense no Salón de Plenos da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dna. Lucía Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade. Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 20 DE SETEMBRO DE 2021.

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2021.

2. DAR CONTA DA CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2021

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 19 de setembro de 2021, sobre a concesión de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2021, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 19 de febreiro de 2021, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2021. Dita convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 38, de 25



de febreiro de 2021, e as entidades interesadas nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 25 de marzo de 2021.

Á convocatoria presentáronse un total de 34 entidades, das cales rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, por parte do Servizo de Igualdade, emítese informe favorable por parte deste servizo e do Servizo de Intervención sobre a tramitación do expediente de concesión de **28 solicitudes** admitidas á convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro no ano 2021.

Na Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do 24 de setembro de 2021, adoptase o acordo de concesión das subvención a 28 entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2021, por importe global de 108.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 21/250.2315.480.01, do vixente orzamento provincial.

As entidades ás que se lle **concede** subvención son as seguintes:

	Concello	Cód. expediente	CIF	Entidade	Proxecto	Importe asignado
1	Cambados	2021012908	G15656762	Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural- AGRA	Proxecto: Identificación da violencia de xénero	4.805,55 €
2	Cangas do Morrazo	2021012977	G36380301	Asociación Diagnosticadas de Cancro de Mama	Proxecto: Prevención e loita contra o linfedema 2021	4.924,20 €
3	Cuntis	2021015771	G94054889	Rede Galega Pola Igualdade	Proxecto: Avanzando no proxecto feminista, deseñando camiños de futuro	1.858,00 €
4	Lalín	2021015693	G27023951	Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas	Proxecto: Liderado e participación	3.381,68 €
5	Lalín	2021015272	G70370119	Asociación Puntodelas-Secretaría das Mulleres	Proxecto: Dixitalizadas: por un rural sen fenda dixital	3.974,96 €
6	Pontevedra	2021015769	G36020691	Asociación Provincial Amas De Casa y Consumidores RIAS BAIXAS	Proxecto: Escola de empoderamento para a muller	2.491,76 €
7	Pontevedra	2021011976	R1500053B	Cáritas Diocesana De Santiago	Proxecto: Axudas de emerxencia social a mulleres solas ou con cargas familiares	3.322,35 €
8	Pontevedra	2021010696	G28197564	Asociación Española Contra el Cáncer	Proxecto Moito por gañar	3.856,30 €
9	Pontevedra	2021011955	G36164887	Down Pontevedra Xuntos Asociación Síndrome de Down	a igualdade das mulleres desde o plano sexual e afectivo: "Emociónate"	4.983,55 €
10	Silleda	2021011981	G36527745	Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza	Proxecto: Pensa en ti sempre 2021	4.686,89 €
11	Vigo	2021015724	G27826999	Asociación de Empresarias de Galicia	Proxecto Foro de la mujer 2021	2.907,06 €



12	Vigo	2021015293	G01796184	Asociación Mulleres e Palabras	Proxecto: Verbas de mulleres	920,00 €
13	Vigo	2021013256	G36627453	Asociación Viguesa de Alcoholología ASVIDAL	Proxecto: Nos mesmas -Post Covid	3.017,84 €
14	Vigo	2021015684	G36617082	Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	Proxecto: Punto de atención a mulleres vulnerables(socialmente)	3.796,97 €
15	Vigo	2021015325	G24452435	Fundación Juan Soñador	Proxecto: Itinerarios e espazo de encontro mulleres	3.915,63 €
16	Vigo	2021015799	G27753367	Fundación Formavigo	Proxecto: Inserción da muller no sector masculinizado do metal	3.974,96 €
17	Vigo	2021013828	G36697324	Down Vigo Asociación para el Síndrome de Down	Proxecto: Muller: educación para a saúde	4.212,27 €
18	Vigo	2021013484	G36797579	Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos	Proxecto: CUME-COVID atención integral a mulleres	4.330,92 €
19	Vigo	2021015743	G27866763	Fundación Impulsa para el Desarrollo del Empleo y la Integración Social	Proxecto: Impulsa team (training en enfrontamento de actitudes machistas)	4.330,92 €
20	Vigo	2021015780	G36776920	Asociación de Familiares de Enfermos De Alzheimer y otras Demencias de Galicia	Proxecto: O teu carón-acompañamento interdisciplinario a mulleres cuidadoras	4.390,25 €
21	Vigo	2021015760	G36837433	Asociación Mulleres Pedra da Vella	Proxecto: De nós, por nós e para tod@s	4.449,58 €
22	Vigo	2021013241	G70223417	Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia	Proxecto: Mochilas lilas: programa para a prevención da violencia de xénero	4.610,05 €
23	Vigo	2021016127	G27783950	Asociación Diversidades	Proxecto: Temos dereitos!-Donas da cidade 2021	4.686,89 €
24	Vigo	2021011604	G15784978	Instituto Galego Xestión para o Terceiro Sector	Programa formación e prevención da violencia de xénero: pornografía ou como normalizar a violencia sexual	4.924,20 €
25	Vilagarcía de Arousa	2021015643	G94116993	Asociación Gallega Trabaxadores Autónomos y del Mar	Proxecto: Igualdade de xénero -oportunidade para a innovación	3.203,70 €
26	Vilagarcía de Arousa	2021013561	G94157708	Asociación Mariscadoras de Carril Amarcarril	Proxecto: Mariscadoras a pé pola igualdade	4.152,94 €
27	Vilagarcía de Arousa	2021015666	G15859911	Fundación Amigos de Galicia	Recursos integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade e dificultade	4.627,56 €
28	Vilanova de Arousa	2021015871	G94136215	Asociación de Ayuda a Mujeres Víctimas de Violencia de Género	Proxecto: PSICOVIO	3.263,02 €

Desestímense as solicitudes das seguintes entidades por non cumprir os requisitos recollidos nas bases reguladoras da convocatoria:

- *Asociación O Son do Pobo (CIF: G94017704)*



- Asociación TRANS Miño (CIF: G94196516)
- Asociación de Mulleres Fémimas en Acción (CIF: G42925594)
- Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey, Esclavas de la Virgen Dolorosa (CIF: R3600113-I)
- Asociación pola Igualdade e a Coeducación (CIF: G94088549)
- Asociación para el Desarrollo Educativo y Cultural (CIF: G94153053)

3. **DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRADO E FIN DE MÁSTER.**

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 19 de setembro de 2021, sobre a convocatoria da VI Edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grado e fin de master, cuxo contido literal é o seguinte:

“ A igualdade como dereito está recollida na Constitución Española, nos artigos 9.2 e 14 e, tamén na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Ambas normas sinalan que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas. A Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado Español, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; recolle que os poderes públicos no marco das súas competencias, incorporaran medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de prever a violencia de xénero. A consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural e, a loita contra a violencia de xénero constitúense como unhas das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra que impulsará a través do Servizo de Igualdade.

Dende este servizo, dentro das súas múltiples liñas de actuación no eido da Igualdade e, conscientes da importancia da investigación e estudo do significado e alcance da igualdade entre mulleres e homes, que sen dúbida redundarán en beneficio do progreso e do benestar do conxunto da sociedade, un ano máis quere potenciar a realización de traballos de fin de grado e fin de máster nos que se integre unha perspectiva de xénero. Que tendo en conta, o éxito alcanzado nas pasadas edicións e a consolidación destes premios, pois xa se presentaron mais de 100 traballos ás distintas convocatorias e contamos con 25 persoas premiadas, a Deputación de Pontevedra convoca a sexta edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grado e fin de máster.



A convocatoria ten por obxecto fomentar, consolidar e dar a coñecer a inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de máster e fin de grao realizados polo alumnado da Universidade de Vigo, nos campus de Vigo e de Pontevedra.

Poden presentarse calquera traballo de fin de grao e fin de máster realizado na universidade de Vigo, campus de Vigo e Pontevedra, en calquera rama de coñecemento; presentados, defendidos e aprobados durante o curso 2019-2020.

A contía total prevista para estes premios é de 5.200 €, con cargo á aplicación orzamentaria 21/250.2315.480.02, do orzamento xeral da Deputación 2021.

Para os traballos de fin de grao se outorgarán dous premios dotados con 1.000 € cada un e un accésit dotado con 600 € e, para traballos de fin de master igualmente se entregarán dous premios dotados con 1.000 € cada un e un accésit dotado con 600 €”.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte e cinco minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

